

OS TESOUROS DAS MONTAÑAS GALEGAS


O territorio galego é unha sucesión de lombas, montañas e grandes serras e, aquí e alá, algunha que outra chaira. Isto fai que en grande parte do país a nosa xente tivese que adaptarse ás duras condicións de vida e á escaseza de terreo para cultivar, e que ao longo dos séculos fose buscando solucións para sacar delas o mellor rendemento posible e deixase a súa pegada en forma de importantes mostras históricas e etnográficas no pasado e no presente. As montañas, sobre todo as más illadas, son hoxe o último refuxio para moitas especies de flora e fauna silvestres e gardan, ademais, interesantes formacións xeolóxicas.



Lirio do Xurés (*Iris boissieri*), un endemismo no noroeste ibérico en perigo de extinción.
En Galiza atópase na Serra do Xurés. .

“A nosa paisaxe non e pura natureza. Tanto como natureza é cultura. unha cultura que non agroma da convivencia do home coa sociedade, senón da convivencia do home coa natureza... A nosa paisaxe é natureza humanizada, natureza feita cultura”

(Ramón Piñeiro “Olladas no futuro”, 1974).



Adela Leiro
Mon Daporta

“Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo... Poderás percorrela en pouco tempo de norte a sur e de leste a oeste; poderás volver a percorrela unha e outra vez; non conseguirás andala de todo. E cada vez que a percorras, atoparás cousas novas... Pode ser ela pequena en extensión; pero en fondura, en entidade, é tan grande como queiras.”

Vicente Risco